

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E AS ORGANIZACIÓNS NON GOVERNAMENTAIS SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE COMUNICACIÓN PARA O CAMBIO SOCIAL (AGARESO) E ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS 2023-2024”

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 65/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte,

Rubén Campo Gil, en calidade de presidente de Solidariedade Internacional de Galicia con NIF G36833648, e con capacidade legal para asinar convenios, segundo consta nos estatutos da entidade.

Lorena Seijo Sanmiguel, en calidade de coordinadora técnica da Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) con NIF G36589844, e con poderes de representación legal segundo consta no poder número 968 asinado o 14 de maio de 2018 ante a notaría Inmaculada Espiñeira Soto.

Mercedes de Castro López Villarino, en calidade de presidenta e representante legal de Asamblea de Cooperación por la Paz con NIF G80176845, e con capacidade de representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos e privados, segundo o artigo 9 dos seus estatutos.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, debe incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento mediante a realización ou financiamento de campañas de concienciación, sensibilización e formación sobre a conexión existente entre as dinámicas locais e as desigualdades internacionais, a loita contra a pobreza, e a

necesidade de actuar no marco da Axenda 2030, así como fortalecer o tecido galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento e fomentar a creación de redes de traballo conxunto, evitando a dispersión e aumentando a coordinación e concentración de esforzos.

Segundo.- A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia establece, como ámbitos de actuación preferente da Cooperación Galega, a educación para a cidadanía global que comprende as actuacións que promoven na sociedade a conciencia de interdependencia global e a responsabilidade compartida a través dun proceso educativo orientado á transformación social e que fomenta a sensibilización solidaria, a concienciación crítica e a mobilización activa da cidadanía na erradicación da pobreza, a defensa dos dereitos humanos, a promoción da cultura da paz e o compromiso coa xustiza social, e o desenvolvemento humano sustentable a nivel local e global. Amais do anterior, as actuacións da Cooperación Galega deberán integrar prioridades transversais -a erradicación da pobreza multidimensional, a igualdade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto polas diversidades e a promoción da interculturalidade, a equidade e loita contra as desigualdades, a participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

Terceiro.- Que a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia recoñece como axentes de cooperación para o desenvolvemento ás ONGD, considerándoas como principais aliadas da Xunta de Galicia na promoción da xustiza global.

Cuarto.- Que as tres organizacións coas que se asina o presente convenio, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e Asemblea de Cooperación por la Paz teñen personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e contan, así mesmo, con experiencia e competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento e, en particular, de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. As tres entidades teñen establecida unha agrupación estable de coordinación e traballo conxunto grazas a este proxecto que se atopa rematando a súa décima edición.

Quinto.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, segundo o establecido no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se fixa a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da Administración autonómica da cooperación para o desenvolvemento, e foi a impulsora, en coordinación coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, desta iniciativa no marco do Plan Proxecta, que xurde para facilitar a colaboración entre distintos departamentos da Xunta de Galicia que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos. É por iso que considera axeitado e conveniente a posta en marcha do proxecto

na súa décimo primeira edición, nesta baixo o título “Activistas polo mundo que queremos 2023-2024”.

A singularidade deste proxecto vén determinada polo feito de formar parte do Plan Proxecta e por ser un proxecto colectivo e participado por varias entidades e colectivos galegos con experiencia no eido da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

A especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza da coordinación establecida entre as entidades destinatarias, a colaboración coas Administracións públicas atendendo aos principios de eficacia, concentración, coordinación e sinerxía, así como a utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Sexto.- Que por isto acordan asinar o presente convenio que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as organizacións non gobernamentais Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e Asemblea de Cooperación por la Paz para a execución do proxecto “Activistas polo mundo que queremos 2023-2024”.

O proxecto ten como obxectivo o fomento dunha adolescencia e profesorado galegos conscientes da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.

SEGUNDA.- Obrigas das entidades asinantes

As entidades asinantes do presente convenio deberán:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Aportar 3.691,00 € para a execución do proxecto.
3. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial e nos rexistros públicos, consonte co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do

20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, ao cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e ao sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.
7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
8. Xustificar, mediante declaración asinada e previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. As entidades, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorizan ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción.
10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos seus obxectivos, resultados, persoas beneficiarias, lugar e prazo de execución ou xustificación. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.
11. De acordo co que establece o artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as entidades beneficiarias asumirán os compromisos de execución do convenio e o importe da subvención será xestionado por cada unha delas, de acordo coa seguinte distribución: 35.889,66 € por Solidariedade Internacional de Galicia, 25.050,00 € por Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e 9.060,34 € por Asamblea de Cooperación por la Paz.

TERCEIRA.- Convenio marco de colaboración entre as entidades asinantes

Para garantir a operatividade deste convenio, as tres entidades participantes teñen asinado con data 15 de setembro de 2023 un acordo de colaboración, no que fan constar que, a efectos de notificacións, comunicacións, pagamentos e presentación de informes, será Solidariedade Internacional de Galicia quen asuma o liderado ante a Xunta de Galicia, sendo o resto de entidades asinantes responsables solidarias ante ela.

CUARTA.- Obrigas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do custo total do proxecto, que ascende a setenta e tres mil seiscentos noventa e un euros (73.691,00 €), aboará a Solidariedade Internacional de Galicia a contía máxima de setenta mil euros (70.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 06.07.331A.481.0 do orzamento vixente para o ano 2023 e do orzamento para 2024, conforme á seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria	Ano 2023	Ano 2024
06.07.331A.481.0	30.000,00 €	40.000,00 €
TOTAL	70.000,00 €	

As entidades poderán recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura das entidades, que asumirán os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

QUINTA.- Pagamentos anticipados

Tras a sinatura do presente convenio e previa petición de Solidariedade Internacional de Galicia, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, tendo en conta o carácter sen ánimo de lucro da entidade e a non dispoñibilidade doutras fontes de financiamento que permitan iniciar as actividades, concederá un anticipo pola contía máxima da anualidade 2023, de acordo co previsto no artigo 94.3.a) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos que conleve a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo cada unha das entidades asinantes deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración, asinada electronicamente por cada unha das entidades asinantes, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pago da subvención da anualidade 2024 efectuarase mediante pago anticipado, unha vez xustificada a anualidade anterior do ano 2023, e previa petición de Solidariedade Internacional de Galicia. Conforme ao establecido no artigo 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a primeira anualidade xustificarse dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, coa documentación que se sinala a continuación.

Para a xustificación da anualidade 2023, Solidariedade Internacional de Galicia deberá presentar:

- Informe anual sobre as tarefas realizadas e os resultados obtidos.
- Certificación dos gastos realizados e pagos na anualidade 2023, por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento.
- Unha relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número das facturas ou dos documentos xustificativos, identificación do emisor dos mesmos, descrición do gasto, importe en euros e data e forma de pago dos mesmos.
- As facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior, así como a documentación acreditativa dos pagamentos.

SEXTA.- Xustificación final do proxecto

A xustificación da execución do proxecto efectuarase por parte de Solidariedade Internacional de Galicia nun prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 94.3 d) da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e con data límite do 31 de marzo de 2025.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de

xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluírá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente de Solidariedade Internacional de Galicia.

2ª parte: xustificación económica, que incluírá:

- Unha certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente de Solidariedade Internacional de Galicia.
- Unha declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aportada pola entidade líder en representación de todas as entidades asinantes.
- Unha relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número das facturas ou dos documentos xustificativos, identificación do emisor dos mesmos, descrición do gasto, importe en euros e data e forma de pago dos mesmos.
- As facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior, así como a documentación acreditativa dos pagamentos.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que Solidariedade Internacional de Galicia indique, mediante a presentación da certificación na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Con carácter previo á realización da copia, é obrigatoria a impresión dun selo-dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. Nela debe figurar «Convenio financiado pola XUNTA DE GALICIA», ano do financiamento e título abreviado do proxecto, indicando ademais o tanto por cento de financiamento que lle imputa a cada financiador. No suposto de documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo-dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación dos mesmos na que se faga constar a mencionada dilixencia.

Con carácter excepcional, nos supostos debidamente xustificados e motivados poderase aceptar a xustificación do pago en efectivo para importes inferiores a 1.000 €, acompañando xustificante do cobro do proveedor, conforme establece o artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Para gastos iguais ou superiores a 1.000 € non poderán aceptarse pagos en efectivo, nin a través de cheque.

SÉTIMA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

OITAVA.- Publicidade

As entidades asinantes obríganse a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) o logotipo oficial da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando as organizacións financiadas exhiban o seu propio logotipo, o da Cooperación Galega deberá figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. O logotipo se poderá descargar da páxina web da Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/>.

NOVENA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e un representante das entidades asinantes.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

DÉCIMA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento das entidades asinantes.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas dende o mes de xullo de 2023, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO CUARTA.- Reintegro por incumprimento

Se as entidades beneficiarias incorresen en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditasen, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberán proceder ao reintegro da totalidade das mesmas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

De acordo co que establece o artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, cada unha das entidades beneficiarias responderá dos fondos asumidos para a xestión do proxecto.

Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO QUINTA.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este convenio.

DÉCIMO SEXTA. – Protección de datos

Ambas as partes comprométense a cumprir co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo ás persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais proporcionados polas partes á firma do presente convenio incluíranse en senllos ficheiros, cuxa titularidade corresponde a cada unha das partes. Devanditos datos persoais serán unicamente tratados co fin de posibilitar a execución do presente convenio. Os datos persoais facilitados á firma do presente convenio poderán ser cedidos a favor dun terceiro sempre que iso sexa necesario para a debida execución ou xestión do obxecto deste convenio e que desempeñe actividades análogas ás descritas no mesmo, previo consentimento por escrito por ambas as partes.

No caso de que unha das partes tivese que acceder a datos de carácter persoal que se atopen en ficheiros cuxo responsable sexa a outra parte, deberá subscribirse, previamente, un contrato de Encargado de Tratamento, en calquera caso, devanditos datos non poderán ser utilizados para finalidades diferentes ás indicadas no convenio.

A transgresión do deber de confidencialidade, así como da obrigaón de non utilizar indebidamente e de non ceder a terceiros de datos de carácter persoal, por calquera das partes ou de calquera dos seus empregados ou colaboradores, será xusta causa de resolución ou rescisión do presente convenio se así o considera oportuno a outra parte, debendo ser a parte non incumplidora resarcida por calquera dano ou prexuízo causado pola parte incumplidora.

Así mesmo, ambas as partes non poderán subcontratar cun terceiro a realización dos compromisos obxecto do presente convenio, cando esta poida implicar o tratamento de datos persoais titularidade da outra parte, salvo que expresamente estoutra parte consintao por escrito.

Ambas as partes garantirán os dereitos das persoas afectadas e adoptarán cantas medidas de seguridade, de índole técnica e organizativa, sexan necesarias para evitar a alteración ou perda dos datos persoais, así como o acceso non autorizado aos mesmos.

O titular dos datos persoais poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento e portabilidade, respecto do tratamento do que cada parte é respectivamente responsable, dirixíndose por escrito indicando "Protección de Datos" e acreditando a súa identidade (foto-copia do DNI do interesado) nas seguintes direccións: para a parte da Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral->

proteccion-datos e para a outra parte en direccion@solidaridadgalicia.org, comprometéndose en calquera caso cada parte para comunicar á outra as rectificacións ou supresións que procedan respecto dos datos persoais cedidos.

As partes non cederán a terceiros os datos persoais dos asinantes salvo que a lei así o estableza. Así mesmo, os afectados quedan informados de que, se consideran que non se trataron os seus datos persoais de acordo coa normativa de protección de datos, poden contactar co Delegado de Protección de Datos da respectiva parte, se así fóra, nas seguintes direccións: para a parte da Xunta de Galicia en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e para a outra parte en direccion@solidaridadgalicia.org. Igualmente, poderán presentar unha reclamación ou solicitude relacionada coa protección dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DÉCIMO SÉTIMA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerá polo disposto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase electronicamente polas partes na data indicada.

O VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Diego Calvo Pouso

POR SOLIDARIEDADE IN-
TERNACIONAL DE GALI-
CIA

POR ASOCIACIÓN GALEGA
DE COMUNICACIÓN PARA
O CAMBIO SOCIAL
(AGARESO)

POR ASAMBLEA
DE COOPERACIÓN
POR LA PAZ

Rubén Campo Gil

Lorena Seijo Sanmiguel

Mercedes de Castro López Villarino

ANEXO

1.- RESULTADOS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Resultado 1. Deseñado, xestionado e executado o plan de coordinación e comunicación entre as ONGD consorciadas, a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do Plan Proxecta 2023- 2024.

1.1: Xestión e coordinación dos requirimentos da fase inicial e final (memorias) para a participación dentro do Plan Proxecta.

1.2: Xestión e coordinación interna das ONGD e entidades participantes.

Resultado 2. Realizado un curso de formación para traballar os coñecementos e as ferramentas precisas para o profesorado implicado de 6 centros educativos para o desenvolvemento do proxecto ao longo do curso 2023-2024.

2.1: Coordinación e acompañamento aos centros educativos.

2.2: Encontro inicial do profesorado e organizacións.

2.3: Elaboración de materiais de acompañamento ao profesorado.

Resultado 3. Realizadas 7 paradas con alumnado de 6 centros educativos participantes para favorecer vías de denuncia sobre as súas realidades a través de sesións presenciais e virtuais.

3.1: Revisión da aula virtual para o curso 2023/2024.

3.2: Xestión e acompañamento técnico permanente.

3.3: Parada 1 (presencial): Que significa ser activista?

3.4: Parada 2 (presencial): Comunicación transformadora.

3.5: Parada 3 (virtual): Elixo e afonda no teu activismo: LGTBI/feminismo; medio ambiente; antirracista.

3.6: Parada 4 (virtual): Como preparar o guión do teu programa de radio?

3.7: Parada 5 (presencial): Obradoiro de radio.

3.8: Parada 6 (virtual): Coñecendo ás persoas activistas da Visita do sur.

3.9: Parada 7 (presencial): Visita do Sur.

Resultado 4. Ampliada a capacidade de sensibilización do proxecto a través dunha estratexia de comunicación integral.

4.1: Elaboración do plan de comunicación propio do proxecto.

4.2: Campaña de difusión nos medios de comunicación tradicionais.

4.3: Campaña de promoción para dar a coñecer o proxecto nos centros educativos.

Resultado 5. Xestionados os coñecementos sobre a experiencia da intervención de cara á aprendizaxe colectiva.

5.1: Avaliación continua e comparativa de todo o proceso de execución do proxecto.

2.- FINANCIAMENTO

FINANCIAMENTO XUNTA DE GALICIA

Partidas orzamentarias	2023	2024
Axudas de custo, gastos de desprazamento e remuneracións para formacións	2.150,00 €	9.102,10 €
Servizos técnicos. Actividade de educación para o desenvolvemento	400,00 €	50,00 €
Gastos de persoal	21.609,80 €	25.715,87 €
Avaliación continua do proxecto	2.000,00 €	1.972,23 €
Custos de xestión	3.840,20 €	3.159,80 €
Total financiamento por anualidade	30.000,00 €	40.000,00 €
TOTAL XUNTA DE GALICIA	70.000,00 €	

ACHEGA ENTIDADES ASINANTES	3.691,00 €
-----------------------------------	-------------------

CUSTO TOTAL DO PROXECTO	73.691,00 €
--------------------------------	--------------------